

**FACULTADE DE CIENCIAS  
DA EDUCACIÓN**  
Ourense



# **Informe Anual de Acci3ns de Coordinaci3n do C E N T R O**

Curso 2014-2015

---

Documento Validado pola Comisi3n de Garantía Interna de Calidade

Ourense, día 9 de xuño de 2016

---

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
I. INFORMACIÓN XERAL.....	4
II. ESTRUCTURA DA COORDINACIÓN DO CENTRO.....	5
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN VERTICAIS E HORIZONTAIS.....	8
<b>3.1. Títulos de Grao: E. Infantil, E. Primaria, E. Social e T. Social.....</b>	<b>9</b>
3.1.1. Acciós de coordinación inter-centro .....	9
3.1.2. Acciós de coordinación entre o equipo decanal e a coordinación de títulos.....	9
3.1.3. Acciós de coord. dos respectivos Coord. de Graos do Centro, cos do TFG, os docentes e o alumnado	10
3.1.4. Acciós de coordinación entre a coordinación de títulos e cursos .....	11
3.1.5. Acciós de coordinac. entre a coordinación dos títulos coa do Prácticum e cos titores-as académicos....	13
3.1.6. Acciós de coordinación entre docentes do título e os que comparten materias.....	13
3.1.7. Acciós de coordinación da coordinadora do PAT cos titores/as.....	14
<b>3.2. Títulos de Mestrado.....</b>	<b>17</b>
3.2.1. <i>Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.....</i>	<b>17</b>
3.2.1.1. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación.....	17
3.2.1.2. Xuntanza de coordinación entre o profesorado do título.....	18
3.2.1.3. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia.....	18
3.2.1.4. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo.....	18
3.2.2. <i>Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos.....</i>	<b>19</b>
3.2.2.1. Reunións da coordinadora de Título cos coordinad. de módulo, materias e de TFM.....	19
3.2.2.2. Reunións das coordinadoras-es de materia co profesorado .....	19
3.2.2.3. Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	20
3.2.3. <i>Mestrado en Prof. de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.....</i>	<b>20</b>
3.2.3.1. Acciós de coordin. entre a Coord. Xeral, Coord. de campus, coordinadores de módulo e profesorado..	20
3.2.3.2. Acciós de coordinación entre a Coord. de campus cos coordinadores de módulo e co profesorado....	21
3.2.3.3. Acciós de coordinación entre os coordinadores de módulo e o profesorado.....	22
3.2.3.4. Acciós de coordinación entre o profesorado que comparte materia.....	22
3.2.3.5. Coordinación da coordin. de campus e coord. itinerario co profesorado do Prácticum.....	23
IV. CONCLUSIÓNS.....	23

## INTRODUCCIÓN

Para o curso académico 2014-2015 o equipo decanal, xunto coa Comisión de Garantía Interna de Calidade (CGIC) e a respectiva coordinación de títulos tratou de concienciar, por diferentes vías, ós-ás docentes da importancia que ten a recollida de evidencias sobre as accións de coordinación desenvolvidas, co obxecto de dar resposta ás esixencias do Sistema Interno de Garantía de Calidade (SGIC). Desde a CGIC e o Centro séguese realizando un grande esforzo para promover unha cultura colaborativa, en particular entre os-as docentes, e facer visible a repercusión positivada desta.

Dando resposta ás directrices marcadas pola Área de Calidade da Universidade de Vigo elaborouse o 1º Informe de Accións de Coordinación do Centro para o [curso académico 2013-2014](#). Este Informe do curso 2014-15 foi confeccionado a partir das evidencias das accións de coordinación desenvolvidas e rexistradas no curso, con todo ao non figurar este requirimento no cronograma xeral, que recolle a Axenda Básica (curso 2015-16), proporcionada pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, confeccionouse tempo despois; unha vez que en conversa telefónica persoal na referida Área se transmitiu a relevancia desta actividade, á vez que se recoñecía non ter incluído esta tarefa en ningunha das Axendas Básicas facilitadas (V3 – maio 2014 e V4-setembro- 2015). En ambas se recolle a realización de dito Informe para os cursos 2013-14 e 2015-16, respectivamente, e en ningún caso do curso 2014-15.

A partir da referida conversa, ante a manifesta relevancia que se nos transmite que ten dito Informe, de cara aos procesos de avaliación, acreditación e certificación, a CGIC da Facultade de CC. da Educación acorda, a partir do arquivo de evidencias que se teñen recollido sobre as accións de coordinación levadas a cabo nas respectivas titulacións do Centro, a análise da información rexistrada. De xeito que se decide afrontar o desenvolvemento do Informe sobre as Accións de Coordinación do curso 2014-15. En consecuencia, este Informe someteuse a validación da CGIC o día 9/6/2016.

Para a elaboración do presente Informe óptase pola realización dunha síntese das actividades levadas a cabo en materia de coordinación docente no curso académico 2014-2015. O equipo decanal da Facultade de CC. da Educación e os membros da CGIC son coñecedores da importancia e repercusión dunha axeita coordinación vertical e horizontal para acadar un óptimo desenvolvemento e a súa posible repercusión para a renovación da Acreditación dos respectivos títulos.

Requiríndose para a elaboración deste documento dun texto sólido, que esixe unha reflexión e análise profunda sobre as accións de coordinación levadas a cabo para o curso académico 2014-2015, coas dificultades que



rodean esta cuestión, o equipo decanal do centro e a CGIC, liderado pola Vicedecana de Calidade e Innovación Educativa, levou a cabo diferentes reunións para delimitar e desenvolver o presente Informe. Como táctica habitual, para a confección do borrador preliminar empregáronse distintas ferramentas colaborativas da “nube”, que posibilitan a distribución do traballo en equipo, o que permite implicar tanto ao persoal do equipo decanal do centro coma os membros da CGIC e os-as docentes de apoio á calidade. O documento sobre o Informe anual de Accións de Coordinación do Centro, como se adiantou, tamén se someteu a debate e análise nunha reunión da CGIC para ultimalo e decidir sobre a súa posible validación.

## I. INFORMACIÓN XERAL SOBRE A COORDINACIÓN DO CENTRO

Na táboa 1 preséntanse os distintos títulos en vigor da Facultade de CC. da Educación. Tal como se recolle a súa implantación, no marco do EEES, levouse a cabo para os Graos no curso académico 2009-2010 e no caso dos mestrados no 2008-2009 e no 2009-2010.

Táboa 1. Implantación dos títulos de grao e mestrado do centro

<b>Denominación título/s</b>	<p><b>Graos</b> EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL</p> <p><b>Mestrados</b> - INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS. - DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS. - PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS.</p>
<b>Centro(s) onde se imparte o título/s</b>	Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
<b>Curso de implantación</b>	<p><b>Graos: curso 2009-2010</b> EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL</p> <p><b>Mestrados: 2008-2009; e 2009-2010.</b> - INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS: Curso 2008-2009. - DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS: Curso 2009-2010. - PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS: Curso 2009-2010.</p>

## II. ESTRUTURA DA COORDINACIÓNS DO CENTRO

Atendendo ás principais necesidades de organización académica que se presentan na Facultade de CC. de Educación establécense diferentes responsables da mesma (táboa 2). Así mesmo, atendendo ás esixencias detectadas, para cada curso académico, en diversas reunións (do equipo decanal, xuntas de titulación, coordinación de títulos etc.) son revisadas antes de realizar a distribución da docencia do ano seguinte (sobre o mes de abril-maio) e incorpóranse os cambios necesarios.

Táboa 2. Distribución de responsabilidades de coordinación docente do Centro

Coordinación de título/s	Título de Grao	Grao de Educación Infantil	Díaz Pereira, María del Pino
		Grao de Educación Primaria	Conde Rodríguez, Ángeles
		Grao de Educación Social	Fernández González, Anxo
		Grao de Traballo Social	Fernández Álvarez, Antón Lois / Méndez Fernández, Ana Belén
	Título de Mestrado	Máster ne dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos.	García Señorán, M <sup>a</sup> del Mar
		Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.	Pino Díaz, M <sup>a</sup> del Pino
		Máster en profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.	Garrido González, Josefina
Título de Grao	Equipo coordinador de curso	<p><b>Coordinación cursos: Educación Infantil</b> Alfonso Gil, Sonia: 1º Ed. Infantil García Núñez, Javier: 2º Ed. Infantil Tellado González, Fernando: 3º Ed. Infantil Martínez Vidal, Aurora: 4º Ed. Infantil</p> <p><b>Coordinación cursos: Educación Primaria</b> Mayobre Rodríguez, Purificación: 1º Ed. Primaria Raposos Rivas, Manuela: 2º Ed. Primaria Larkin Galiñanes, Cristina: 3º Ed. Primaria Conde Rodríguez, Ángeles: 4º Ed. Primaria</p> <p><b>Coordinación cursos: Educación Social</b> Braña López, Fátima: 1º Ed. Social Fernández González, Anxo: 2º Ed. Social Failde Garrido, José María: 3º Ed. Social Dapía Conde, M<sup>a</sup> Dolores: 4º Ed. Social</p> <p><b>Coordinación cursos: Traballo Social</b> Méndez Fernández, Ana Belén: 1º Traballo Social López Castedo, Antonio: 2º Traballo Social López Viso, Mónica: 3º Traballo Social Aguiar Fernández, Francisco Javier: 4º Traballo Social</p>	

	<p>Outras coordinacións de Centro</p>	<p><b>Coordinación mobilidade de estudantes</b> Cid Fernández, Xosé Manuel (Coordinador) Fernández Carballo-Calero, M<sup>a</sup> Victoria (Apoio á mobilidade) Méndez Fernández, Ana Belén (Apoio á mobilidade) Rodríguez Castro, Yolanda (Apoio á mobilidade)</p> <p><b>Apoio a prácticas pre-profesionais</b> Cid Fernández, Xosé Manuel (Coordinador) Seoane Pérez, Emilia (Apoio)</p> <p><b>Coordinación Calidade</b> Ricoy Lorenzo, M<sup>a</sup> Carmen (Coordinadora Calidade) Rodríguez Castro, Yolanda (Apoio Calidade Educación Social e Traballo Social) García Núñez, Francisco Javier (Apoio Calidade Educación Infantil e Educación Primaria) Tellado González, Fernando (Apoio Calidade Mestrados)</p> <p><b>Coordinación PAT</b> Conde Rodríguez, Ángeles</p>	
<p><b>Título de Mestrado</b> Outras coordinacións</p>	<p>Máster en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinadora do TFM: Díaz Pereira, M<sup>a</sup> del Pino</li> <li>- Coord. Práct. Curriculares: García Señorán, M<sup>a</sup> del Mar.</li> <li>- Coord. institución externas: Failde Garrido, José M<sup>a</sup></li> </ul>	
	<p>Máster en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coordinación Módulo 1: Tellado González, Fernando</li> <li>- Coordinación Módulo 2: Conde Rodríguez, Ángeles</li> <li>- Coordinación Módulo 3: Raposo Rivas, Manuela</li> <li>- Coordinación TFM: Deaño Deaño, Manuel</li> </ul>	
	<p>Máster en Profesorado de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coordinadora do Campus Ourense: Ricoy, M<sup>a</sup> Carmen</li> <li>- Coordinadores-a de Itinerario: <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Humanidades: Vaquero García, Alberto</li> <li>♦ Tecnoloxía e Informática: Membiela, Pedro Iglesia</li> <li>♦ Xeografía e Historia: Prada Rodríguez, Julio</li> <li>♦ Orientación Educativa: Ricoy Lorenzo, M. Carmen</li> </ul> </li> </ul>	

Os-as distintos-as docentes implicados-as na estrutura organizativa do Centro desenvolven cometidos ou tarefas de relevancia para poder acometer, tanto os imprevistos ou situacións sobrevidas, coma as metas que se establecen a curto e medio prazo. Neste sentido cabe sinalar que as funcións dos-as coordinadores-as de título son definidas no Manual de Calidade (Índice 4) en vigor, e as dos-as docentes que asumen a coordinación de curso foron debatidas, analizadas e aprobadas na Comisión Permanente (Comisión delegada da Xunta de Centro) o día 26/9/2014 e referendadas na Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 29/9/2014.

Co obxecto de optimizar a organización académica do Centro, como se desprende da estrutura aportada na táboa 2, cóntase con dous niveis diferenciados de coordinación no centro e inter-centro. Ao respecto cabe indicar que, tanto nos Graos, coma nos Mestrados do Centro a:

● *Coordinación vertical*

Este tipo de coordinación promóvese fundamentalmente desde o equipo decanal, a responsable de calidade, a responsable do PAT e a coordinación de título co obxecto de orixinar ou afianzar o desenvolvemento de diferentes accións de cohesión, que posibiliten o mellor funcionamento posible. Está dirixida a dinamizar e implantar, de modo axeitado, diferentes accións de coordinación e procura implicar e concienciar os-as coordinadores-as de itinerarios e de módulos, así coma ao profesorado dos respectivos cursos e materias, entre outros. En síntese cabe resaltar as:

- Reunións do equipo decanal coa coordinación do título.
- Reunións entre a coordinación do título e coordinadores de curso.
- Reunións entre docentes que comparten a mesma materia.
- Reunións entre responsables das coordinacións xerais: título, TFG e prácticum.

● *Coordinación horizontal*

Este tipo de coordinación establécese e promóvese basicamente a dous niveis.

♦ No marco do Centro entre:

- Os membros do equipo decanal
- Os-as coordinadores-as de título
- Os-as coordinadores-as de curso
- O profesorado do mesmo curso e materia
- Os-as coordinadores-as de TFG e TFM
- Os-as coordinadores-as de Prácticum
- Os-as coordinadores-as de mobilidade

♦ Inter-Centro

Cabe resaltar as accións de coordinación desenvolvidas entre:

- As facultades de CC. da Educación de Ourense, a de CC. da Educación e do Deporte de Pontevedra e a Escola de Maxisterio de Vigo.
- O centro de Ourense co de Pontevedra
- O centro de Ourense coa Escola de Maxisterio de Vigo



### III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN VERTICAIS E HORIZONTAIS<sup>1</sup>

En xeral a coordinación é unha compoñente chave para a organización académica de calquera centro educativo, e particularmente tanto no proceso de deseño coma no de implementación da docencia. Cabe traer a colación a importancia que ten para acadar unha boa organización global e para que nas respectivas materias do currículo se esquiven os solapamentos no desenvolvemento de contidos e competencias ou baleiros indesexables. Para iso, é imprescindible contar con estratexias axeitadas de coordinación a nivel macro e, máis concretamente, no que nos atinxe no marco da meso e micro-organización de Centro. Co obxecto de dar resposta ás necesidades e demandas manifestadas tanto polo profesorado coma polo alumnado, a Facultade de CC. da Educación, desde o decanato, promoveu unha estrutura de coordinación de apoio a docencia e o desenvolvemento das dinámicas cotiás do Centro, tal como se detalla na táboa 2.

Pola súa complexidade para a planificación e implementación do ensino é preciso intercambiar diferentes pareceres, discutir múltiples cuestións, planificar as dinámicas espazo-temporais e didácticas, así como tomar os correspondentes acordos/decisións. Moitas destas tarefas son canalizadas ou apoiadas a través de medios dixitais (teléfono, correo electrónico, a plataforma DocNet, outras plataformas da “nube”, etc.) e presenciais. Os intercambios e/ou reunións realizadas no Centro, atendendo ás necesidades e posibilidades das docentes, téñense levado a cabo tanto nun ambiente distendido coma formal (con convocatoria e orde do día, acta de acordos, toma de decisións, xeración e custodia de evidencias)<sup>2</sup>. Para iso, cabe resaltar a dinamización desenvolta pola coordinación do Título, as coordinacións de curso, do Prácticum, do TFG e os coordinadores de materia para adoptar acordos e directrices comúns para o deseño e modificación de protocolos de actuación, así como para o desenvolvemento da actividade académica.

---

<sup>1</sup> Os rexistros de evidencias sobre as accións de coordinación atópanse depositados en formato papel nas dependencias do Equipo Decanal e nos despachos do profesorado e, en soporte dixital, están depositadas fundamentalmente na plataforma Faitic.

<sup>2</sup> En xeral as datas de desenvolvemento das Accións de Coordinación Docente aínda que se concentraron en determinados meses do curso académico 2014-15 non sempre coinciden no mesmo día para os respectivos títulos, módulos, materias, etc. No caso da celebración das xuntanzas presenciais iso resulta inviable ao ter que presidilas en moitos casos a Decana do Centro ou ter que atender a múltiples tarefas as persoas responsables da Acción de Coordinación. Por isto, existe algo de flexibilidade, respecto a data, tanto nas xuntanzas presenciais coma nas accións levadas a cabo a través do uso de medios dixitais.



### **3.1. Títulos de Grao: E. Infantil, E. Primaria, E. Social e T. Social**

Independentemente de que cada Título, dos respectivos Graos (Educación Infantil, E. Primaria, Educ. Social, Trab. Social), conta coa súa singularidade, o Centro sempre que é posible funciona con dinámicas integrais, co obxecto de xerar sinerxías de desenvolvemento e convivencia complementaria. En xeral, a Facultade goza dun clima de grupo moi positivo que emana, en boa media, do traballo en equipo levado a cabo polos-as respectivos-as responsables de coordinación xunto co equipo decanal.

As accións de coordinación desenvolvidas no Centro son múltiples e diversas, polo que detallar cada unha delas alongaría en exceso este documento. Por iso, de seguido plásmase unha síntese atendendo ás diferentes tipoloxías ou niveis de coordinación.

#### **3.1.1. Accións de coordinación Inter-Centro**

Hai que mencionar as reunións levadas a cabo entre o equipo decanal e os-as coordinadores/as de título dos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo. Nestas xuntanzas abordáronse diversas cuestións co obxecto de chegar a acordos sobre aspectos que afectan, en particular, ao desenvolvemento da docencia do Grao de E. Infantil e de E. Primaria:

- Debate entre os límites da liberdade de cátedra e o respecto ao plan docente establecido na memoria VERIFICA.
- Establecemento de acordos para unificar nas compoñentes curriculares substanciais as Guías Docentes naquelas materias que coinciden no plan de estudos dos Centros.
- Concreción de vías de comunicación continuada entre docentes dos tres campus que imparten as mesmas materias: presencial, telefónico, vía internet (skype, email, plataformas/aplicativos dixitais).

Así mesmo, hai que destacar as accións de coordinación levadas a cabo para unificar liñas de actuación para a elaboración de informes, revisión ou actualización de normativas/regulamentos e acordos sobre a documentación referida aos seguimentos dos títulos de E. Infantil e de E. Primaria. Na maior parte dos casos, para salvar a distancia existente, foi preciso comunicarse, compartir información e establecer acordos a través de medios dixitais: Skype, email, plataformas da “nube”, etc.

#### **3.1.2. Accións de coordinación entre o equipo decanal e a coordinación de títulos**

Estas accións de coordinación desenvóléronse de forma intermitente ao longo de todo o curso académico. Con todo, cabe resaltar algunhas destas accións de coordinación desenvoltas:

- ♦ Para a preparación da estrutura de apoio básico/xeral á docencia para a posta en marcha do curso 2014-2015.
- ♦ Para a organización e xestión das Xornadas de Acollida do alumnado de novo ingreso. En concreto tomouse a decisión de que a persoa coordinadora dos respectivos títulos asumise o encargo da presentación da Facultade ante o novo alumnado de 1º curso dos respectivos títulos.
- ♦ Para definir o calendario do Prácticum e Tráballo Fin de Grado (TFG): solicitudes do alumnado; elección por parte do profesorado, etc.
- ♦ Para a distribución do alumnado nos grupos medios/pequenos das distintas materias do primeiro e segundo cuatrimestre.
- ♦ Para a revisión de estratexias sobre a organización e posta en marcha de cursos de formación comúns para todos os títulos, por exemplo: Curso impartido pola Biblioteca de Campus para manexar bases de datos e Curso de Apoio Metodolóxico para desenvolver o TFG.
- ♦ Para a elaboración e revisión de Normas Comúns a discutir cos coordinadores-as de materia e profesorado para a revisión das Guías Docentes.

### **3.1.3. Accións de coordinación dos respectivos Coord. de Graos do Centro cos do TFG, os docentes e o alumnado**

O TFG é unha materia que está compartida entre diferentes docentes, por iso se manteñen algunhas accións de coordinación que facilitan o seu desenvolvemento.

#### **Maio de 2014**

- Levouse a cabo unha reunión entre a Coordinación de Títulos e os Coordinadores/as do TFG dos Títulos de: E. Infantil, E. Primaria, Tráballo Social e Educación Social. O obxecto principal desta xuntanza foi a posta en común do novo procedemento promovido na Universidade de Vigo, coa incorporación dunha plataforma dixital, para a realización dunha parte do procedemento para a presentación e cualificación do TFG. Nesta reunión acordouse un calendario e o contido para a realización de reunións informativas sobre o procedemento a desenvolver co novo aplicativo de TFG co profesorado.
- Noutra xuntanza cos docentes de TFG informouse sobre as novas actas individualizadas e sistema de avaliación na plataforma dixital e tomáronse acordos para axustar o calendario á nova situación.
- As persoas coordinadoras do Título desenvolveron unha reunión co alumnado, co fin de informalo do procedemento para a presentación e avaliación do TFG.

### **Decembro de 2014 e xaneiro de 2015**

Tendo detectado, a esa altura de curso, diversas dificultades nos-as titores-as de TFG, coas que se atopaban na dirección do alumnado, leváronse a cabo reunións presenciais e accións de coordinación por medios dixitais cos docentes implicados para:

- ♦ Revisar e acordar as diferentes tipoloxías de TFG a desenvolver.
- ♦ Fomentar o emprego de referencias bibliográficas específicas das temáticas propias dos diferentes títulos.
- ♦ Acordar ou impulsar estratexias de motivación entre o alumnado para non atrasar o comezo da elaboración do TFG.
- ♦ Pactar sobre a conveniencia de desenvolvemento de traballos sobre temáticas propias de cada título con utilidade/implicacións prácticas, no posible.

### **Xuño de 2015**

Cos membros dos tribunais dos TFG os coordinadores-as de TFG levaron a cabo diferentes accións de coordinación para lembrar as características da avaliación destes traballos, así coma para revisar as rúbricas e a ponderación da puntuación por parte de titores-as e tribunais. Tamén se acordou o calendario para asumir desde os respectivos tribunais a xestión do proceso de avaliación e entrega de Actas, axustándose os prazos superiores que establece a institución.

#### **3.1.4. Accións de coordinación entre a coordinación de títulos e cursos**

Para planificar e seguir a marcha do curso académico realizáronse diferentes accións de coordinación, a maior parte delas a través de reunións presenciais e outras co apoio de medios dixitais.

### **Maio - xuño de 2014**

- ♦ Acordouse o calendario para comunicar ao profesorado as modificacións que debía contemplar nas Guías Docentes a partir das directrices enviadas pola Área de Apoio a Calidade sobre os aspectos incorporados na aplicación dixital de DocNet.
- ♦ Decidiuse que todas as Guías Docentes das materia tiñan que considerar plenamente o contido sobre as compoñentes curriculares substanciais que están establecidas nas respectivas fichas do Plan de Estudos dos títulos.
- ♦ Acordouse comunicar aos-ás docentes a esixencia de coordinarse para evitar solapamentos entre as distintas materias.

- ♦ Acordouse incluír en todas as Guías Docentes opcións de avaliación para o alumnado non presencial e que será a persoa coordinadora de curso quen avise os-as docentes que non a contemplan.
- ♦ Tomouse a decisión, para comunicar ao profesorado, de que todas as materias terían os programas publicados correctamente en idioma galego e castelán.
- ♦ Acordouse que sería a persoa coordinadora de curso quen informase aos-ás docentes do seu curso dos aspectos que debían ser revisados de acordo co establecido anteriormente para poder tramitar as Guías Docentes para a súa aprobación en Xunta de Centro.

### **Setembro de 2014**

- ♦ Acordáronse os criterios para a distribución/cambio do alumnado en grupos pequenos, segundo as características e necesidades das diferentes materias e cursos.
- ♦ Realizouse a distribución do alumnado en grupos e acordouse a forma de comunicar esta información ao profesorado e alumnado a través da: páxina web do centro, correo electrónico, listas de distribución e taboleiros das respectivas aulas.
- ♦ Decídese trasladar ao profesorado a directriz de que faciliten a incorporación como alumnado de avaliación continua ao estudantado de 1º curso, que por realizar a selectividade en setembro se matricula máis tarde.

### **Outubro de 2014**

Acórdanse dinamizar estratexias que faciliten a normalización e rexistro sistemático da coordinación entre os docentes. Para iso, facilítase ao profesorado diferentes formularios, deseñados pola responsable de calidade do Centro, a través da Web do Centro que posibilitan o rexistro de evidencias. Tamén se acordou definir un calendario para, a través das Xuntas de Titulación, formalizar un par de reunións de materia, curso e grao a principio e final do curso, xerando un rexistro sobre os acordos/decisións tomadas. Para o seu rexistro, acordouse empregar tamén o modelo de protocolo/formulario que axilice a recollida de evidencias sobre os acordos, decisións tomadas e, no posible, subilos á plataforma de faitic.

### **3.1.5. Accións de coordinación entre a coordinación dos títulos coa do Prácticum e cos titores-as académicos**

Sendo o Prácticum unha materia compartida, entre diferentes docentes, mantéñense distintas accións de coordinación para facilitar o desenvolvemento axeitado.

#### **Maio-xuño de 2015**

Entre outras accións de coordinación, leváronse a cabo reunións presenciais entre a persoa coordinadora de Títulos, a do Prácticum e os-as titores-as académicos-as. Nestas xuntanzas acordouse:

- A determinación dos criterios para a avaliación das prácticas externas cos-as titores-as de prácticas dos respectivos títulos. Neste sentido valorouse contemplar a unificación de parámetros sobre a avaliación, a delimitación do número de matrículas, así como os criterios para outorgalas.
- Analizouse a marcha e o desenvolvementos das prácticas externas do curso 2014-15 e, en base a isto, decidíronse algúns cambios para incorporalos no curso 2015-16.

### **3.1.6. Accións de coordinación entre docentes do título e os que comparten materias**

Naquelas materias compartidas por varios-as profesores-as leváronse a cabo diferentes accións de coordinación apoiándose en diversos recursos: medios dixitais (*email*, plataformas da “nube”, *whatsapp*, *skype*, teléfono etc.) e a través de reunións presenciais, cun mínimo de dúas ou tres xuntanzas. A modo de síntese descríbense as seguintes:

#### **Finais de maio-principios de xuño de 2014**

- ▶ Co obxectivo de publicar as Guías Docentes, a través da plataforma DocNet, previa á matriculación dos estudantes, seguindo o calendario do Centro desenvolvéronse diferentes accións de coordinación entre o profesorado que comparte materias. Neste sentido mantivéronse xuntanzas entre o profesorado, co obxecto de revisar a planificación docente: contidos abordados, actividades, avaliación, etc.
- ▶ Os docentes debateron, reflexionaron, analizaron diversos aspectos para mellorar a planificación didáctica e estableceron os seguintes acordos:
  - Seguir estritamente as directrices recollidas na memoria Verificada para ser congruente cos compromisos do Plan de estudos.
  - Realizar unha revisión operativa das competencias, resultados de aprendizaxe e contidos a impartir nas materias.

- Delimitar as competencias a desenvolver e contidos a traballar por cada un dos-as docentes nas respectivas materias de Título.
- Concretar os modelos de avaliación de materia.

### **Setembro de 2014 e xaneiro de 2015** (a principios dos respectivos cuatrimestres)

Atendendo ao comezo do cuatrimestre (principios de setembro e mediados de xaneiro), o profesorado asumiu en diferentes momentos outras accións de coordinación. A modo de síntese, cabe indicar que aqueles que comparten materias consideraron basicamente as seguintes:

- Delimitaron a secuenciación dos contidos das sesións impartidas nas materias polos-as respectivos docentes, co obxecto de evitar solapamentos dentro desta.
- Distribuíron as actividades e tipoloxía de traballos, establecendo un equilibrio para beneficiar o peso das tarefas a realizar polo alumnado.
- Acordaron actualizar os contidos e materiais didácticos para expor na plataforma de teledocencia-FAITIC.

### **Xaneiro e maio-xuño de 2015** (a finais dos respectivos cuatrimestres)

Co obxectivo de analizar a marcha do curso, a implicación dos estudantes, os resultados de avaliación, no seu caso, o profesorado coordinouse para valorar e tomar acordos fundamentalmente asociados co reaxuste dos criterios de avaliación, publicación das cualificacións, determinación e criterios para outorgar as matriculas de honra etc.

#### **3.1.7. Accións de coordinación da coordinadora do PAT cos titores/as**

Coa finalidade de atender aos obxectivos do Plan de Acción Titorial (PAT) do Centro, ao longo do curso 2014-15 realizáronse unha serie de accións de coordinación entre o profesorado directamente implicado como titores/as do alumnado de 1º curso, os coordinadores/as dos Títulos, coordinadores/as de Prácticum e TFG e a coordinadora do PAT para desenvolver as diferentes accións de apoio requiridas polo alumnado do Centro (sesións de acollida, orientacións sobre mencións, TFG, Prácticum ou saídas profesionais, etc.).

Cabe resaltar que se conta cun espazo específico para PAT por Título na plataforma FAITIC que, ademais de repositorio de documentos, se utiliza para coordinación e para compartir a información entre titores de grupos-PAT de 1º curso, coordinadores/as de curso e coordinadores/as de Título. Neste espazo inclúese a documentación específica (protocolos, grupos de titorización, descrición de accións a realizar etc.) e a síntese das reunións cos respectivos grupos, que depositan os titores/as para coñecemento do resto de titores/a e coordinadores de Título.



Resulta tamén habitual o intercambio de información de forma persoal ou a través do correo electrónico ou de teléfono, tratando de ser eficientes nos intercambios, non saturando con excesivas reunións o profesorado e ao mesmo tempo tratando de dar resposta ás necesidades e suxestións do alumnado.

De seguido faise un recompilatorio de diferentes accións de coordinación levadas a cabo, en meses clave, no marco do PAT:

### **Xullo de 2014**

Co fin de preparar a estrutura de apoio para o PAT para o curso 2014-15, solicitouse a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como titores/as para atención e asesoramento dos grupos de 1º curso.

### **Setembro 2014**

Asignáronse titores/as a grupos de estudantes de 1º curso para cada un dos Graos (10-15 estudantes por titor/a). Establecéronse un total de 6 grupos por Grao, exceptuando no Grao de Traballo Social, no que se estableceron 5 grupos. Neste Grao, xunto co de Educación Social, reserváronse dous titores para os grupos do alumnado que realizou a matriculación no último prazo (novembro 2014).

Informouse aos titores/as da distribución realizada por correo electrónico e publicouse a información nos espazos do PAT da plataforma FAITIC, na web do centro e nos taboleiros das aulas de 1º curso dos distintos Títulos.

### **Novembro 2014**

Actualizada a documentación correspondente ao PAT do curso 2014-15 na plataforma FAITIC (orientacións, anexos...), informouse aos titores-as do obxectivo da 1ª reunión cos grupos de estudantes de novo ingreso. Esta reunión tivo como finalidade presentar o propio PAT, solicitar datos dos estudantes (cubrir a ficha inicial de detección de necesidades) e informarse de como transcorreu o período de adaptación á contorna universitaria. Fíxose fincapé en prestar especial atención aos estudantes que se matriculan máis tarde e non poden asistir ás xornadas de acollida por se necesitasen algún tipo de orientación específica.

Despois de realizar a 1ª reunión co alumnado de 1º curso, cada titor/a subiu o extracto dos asuntos tratados ao espazo en FAITIC, incluíndo un resumo de asistentes, temas abordados, incidencias e suxestións e os acordos tomados. Nos casos que se considerou necesario, informouse ademais á coordinación do PAT, coordinación do Título, docente ou responsable que puidera dar resposta ás queixas ou suxestións sinaladas polo alumnado que fora necesario ou puidera dárselle unha resposta rápida (incidencias respecto de espazos, desaxustes en horarios, fallos na difusión da información, etc).



### **Marzo de 2015**

Fíxose desde a coordinación do PAT o recordatorio por correo electrónico aos titores/as de 1º curso para que organizaran e convocaran o seu alumnado para a 2ª reunión de grupo. Recomendouse facer unha análise cos estudantes sobre a marcha do curso e a detección de posibles dificultades rexistradas durante o primeiro cuadrimestre, sobre todo en relación coas súas avaliacións á vista do cuadrimestre rematado.

### **Abril-xuño de 2015**

A coordinación do PAT, xunto cos coordinadores dos distintos Títulos, coordinadores de Prácticum e coordinadores do TFG, acordaron organizar as reunións informativas de orientación ao alumnado dos diferentes cursos sobre as temáticas de interese para cada curso, entre elas:

- As ofertas de materias optativas e mencións (p.e: alumnado de 2º curso dos Graos de Educación Infantil e Primaria).
- Información sobre o Prácticum (alumnado de todos os Graos nos cursos correspondentes)
- Información sobre o TFG (alumnado de 3º e 4º curso de todos os Graos).
- Información e debate sobre as saídas profesionais (alumnado de 4º curso de todos os Graos).

### **Xuño-xullo de 2015**

- Os titores/as dos grupos de 1º curso subiron á plataforma de Fatic a información correspondente á 2ª reunión. Do mesmo xeito que na 1ª convocatoria, resolvéronse as cuestións posibles e/ou as máis urxentes e as outras temáticas recompiláronse para ser analizadas e tratarse con posterioridade nos órganos e servizos correspondentes da Facultade, xa que a súa resolución precisaba dunha reflexión ou axustes máis complexos ou polo menos que debían ser desenvolvidos a medio prazo.

- Baixo o liderado da coordinadora do PAT sintetizouse e analizouse a información recollida nas distintas sesións do PAT para elaborar a memoria do curso 2014-15. A coordinadora do PAT contou coa colaboración dos titores/as de grupos de 1º, os/as coordinadores/as de TFG, Prácticum, coordinadores/as de Título e do Equipo Decanal.

## 3.2. Títulos de Mestrado

Respecto ás accións de coordinación levadas a cabo nos títulos de Mestrado, atendendo ás súas tipoloxías, destácase algunhas seguidamente.

### 3.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Cabe destacar entre as accións de coordinación deste Título as asociadas a xuntanzas de traballo para a planificación do ensino.

#### 3.2.1.1. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación

##### Xuño-xullo de 2014 (previo ao inicio de curso 2014-15)

- Xuntanzas de traballo do profesorado co obxecto de preparar as Guías Docentes para o 2014-15. Dende a Facultade organizáronse sesións para acceder á plataforma de DocNet e resolver tanto problemas técnicos, que van xurdindo ano a ano, coma cuestións de tipo pedagóxico, especialmente o sistema de avaliación.
- Desenvolvéronse xuntanzas de traballo entre os docentes con responsabilidades xerais (de título, de calidade, do TFM e do Prácticum). Leváronse a cabo tarefas e acordos asociados coa estrutura de apoio á docencia do curso 2014-2015. Así mesmo, revisáronse os diversos problemas e necesidades xurdidas no pasado curso, actualización do calendario docente etc.

##### Setembro- outubro 2014 (ao comezo do curso 2014-15)

- Levouse a cabo unha reunión para a preparación do proceso de acreditación do título. Participaron os membros da Comisión de Calidade e Responsables de Coordinación dos Títulos implicados (01/09/2014).
- Desenvolveuse unha xuntanza preparatoria da sesión de acollida do novo alumnado, que se celebrou o 17 de setembro de 2014.
- Fíxose unha xuntanza para organizar o inicio do curso, especialmente no relativo ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Mestrado. Participou o profesorado con responsabilidades xerais no título, coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Prácticum e do TFM, coordinador das relacións externas para o Prácticum. Os asuntos tratados en síntese centráronse na: Organización do Prácticum e do TFM, atendendo aos requirimentos para o establecemento de novos convenios con entidades externas, asuntos relativos ao TFM.
- Levouse a cabo unha xuntanza de traballo para analizar as peticións de institucións e servizos do alumnado sobre a realización das prácticas externas,

asignarlles o centro de prácticas e as titoras/es académicos-as. Revisar os convenios existentes e analizar a necesidade de solicitude dalgúns novos. Participou a coordinadora xeral do mestrado, responsables do TFM e do Prácticum.

- Desenvolveuse unha reunión entre a coordinadora das Prácticas Curriculares Externas e o coordinador de Relacións coas Institucións Externas para ultimar os pormenores e situacións sobrevidas.

### **3.2.1.2. Xuntanza de coordinación entre o profesorado do título**

Xuntanza dos responsables de coordinación co profesorado do Mestrado (celebrada o 16/07/2014). Nesta sesión de coordinación co profesorado debatéronse cuestións relacionadas coa posible mellora de diferentes accións docentes a petición do alumnado de cara ao próximo curso.

### **3.2.1.3. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia**

As respectivas coordinadoras ou coordinadores de cada materia mantiveron unha comunicación constante co resto dos docentes da mesma materia. Neste sentido coordinaron as tarefas asociadas á actualización da Guía Docente, a sesión e contido para a presentación da materia, as datas para a entrega de actividades/traballos, sistema de avaliación etc. Finalizado o curso, e nalgúns casos durante o mesmo, os docentes de diferentes materias revisaron o desenvolvemento do ensino, ao ter detectado problemas, co obxecto de buscar solucións.

### **3.2.1.4. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo**

Cada módulo de materias diseña unha actividade común para todas elas. Esa actividade pode variar anualmente e pode mudar tamén o docente responsable da súa organización. Posto que a asistencia a esa actividade se acordou valorala con 1 punto na cualificación total do alumnado, en cada materia é imprescindible organizar ben a actividade, darlle difusión e, unha vez realizada, comunicar ao profesorado das materias do módulo a listaxe do alumno/a asistente. Por este motivo tamén no curso académico 2014-15 houbo unha coordinación, por un lado coa responsable do título e coa administrativa deste e, por outro, cos docentes de todas as materias de cada módulo.

### **3.2.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos**

Neste mestrado cabe resaltar as seguintes accións de coordinación:

#### **3.2.2.1. Reunións da coordinadora de Título cos coordinadores-as de módulo, materias e de TFM**

Cabe destacar as seguintes accións de coordinación docente:

##### **Xuño de 2014**

Levou a cabo unha reunión cos coordinadores/as de módulo e materia para tratar os seguintes asuntos:

- Análise dos resultados das avaliacións e resultados obtidos no curso 2013-2014. Valórase positivamente a secuenciación de materias nos períodos lectivos. Constátase que a carga de traballo pode ser superada pola maioría dos estudantes, pois a taxa de rendemento foi do 83.04% e a taxa de graduación do 83,04%. Neste curso, dos 24 estudantes matriculados, 19 superaron con éxito as diferentes materias, deste estudantes un non presentará o TFM neste curso. Hai 4 estudantes estranxeiros que figuran como matriculados pero non cursaron o mestrado porque nunca asistiron. A taxa de eficiencia é do 100%. Conclúese que o mestrado ten un carácter ben definido, os medios, claridade e calidade na orientación para alcanzar bos resultados.
- Revisión das guías docentes para o curso 2014-2015. Establécense os criterios a empregar na revisión das guías por parte do profesorado.
- Elaboración da proposta de horarios e probas de avaliación para a súa aprobación pola Comisión Académica do Mestrado, organización do curso 2014-2015 e preparación da sesión de acollida.

##### **Outubro de 2014**

- Desenvolveuse unha reunión cos coordinadores e coordinadoras de módulo e con docentes da Universidade de Minho coa finalidade de revisar as liñas dos traballos dos TFM e adaptalas ás temáticas de investigacións máis novidasas no ámbito das dificultades de aprendizaxe.
- Levouse a cabo unha reunión co coordinador e responsables do TFM para asignar liñas de investigación e titores/as ao alumnado do Mestrado.

#### **2.2.2.2. Reunións das coordinadoras-es de materia co profesorado**

##### **Xuño-setembro de 2014 e xaneiro-xullo de 2015**

Nas materias impartidas por máis de un profesor-a realizáronse reunións e distintas accións de coordinación que se desenvolveron de xeito máis focalizado nos meses de xuño (para tomar acordos sobre as guías docentes do

próximo curso, planificación da docencia, distribución de contidos ao inicio de cada cuadrimestre (setembro e xaneiro) para acordar as cuestións de tipo organizativo e de distribución e secuenciación de contido, así coma ao longo dos respectivos cuadrimestre para a realización dos reaxustes necesarios co grupo aula e ao final do período da docencia para a determinación global da avaliación etc. Cabe salientar que se utiliza un espazo común de traballo habilitado para tal fin na plataforma de teleformación (FAITIC) para un intercambio fluído de información e experiencias.

### 2.2.2.3. Outras accións de coordinación desenvolvidas

- Ao longo do curso académico 14-15 participouse en grupos de traballo e actividades formativas con docentes da Universidade de Évora.
- O 5 de decembro de 2014 tivo lugar a sesión de formación no deseño e validación de probas a través de ecuacións estruturais.

### 3.2.3. Máster do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Tendo en conta que se trata dun mestrado impartido nos 3 campus da Universidade de Vigo, é preciso salvar a distancia xeográfica e facilitar a conciliación das respectivas accións entre docentes e responsables de coordinación xeral e de campus. Por iso, diferentes accións de coordinación se levaron a cabo fundamentalmente a través de medios dixitais: *email*, *skype*, plataformas da “nube”, plataforma de teleformación de Faitic, teléfono, etc.

#### 3.2.3.1. Accións de coordinación entre a Coord. Xeral, Coord. de campus, coordinadores de módulo e o profesorado

##### Xuño de 2014

- Desde a Secretaría Académica acordouse a través de correo electrónico co profesorado das respectivas materias a persoa que asumiría a coordinación de cada unha.
- Desde a Secretaría Académica a través de correo electrónico informouse do calendario para a revisión e entrega das guías docentes.

##### Setembro de 2014

- A coordinadora xeneral celebrou unha reunión presencial co profesorado de nova incorporación a principios de setembro de 2014, antes do comezo das clases, para presentarse e explicar a estrutura organizativa do mestrado e acordar as liñas básicas de organización académica.
- A coordinadora xeral, a través de correo electrónico e *skype*, en colaboración coa persoa coordinadora dos respectivos campus da Uvigo, os Coord. de

itinerarios e o profesorado estable das materias deciden as directrices básicas de tipo organizativo para a posta en marcha do curso académico.

### **3.2.3.2. Accións de coordinación entre a Coord. de campus cos coordinadores de módulo e co profesorado**

#### **Xuño de 2014**

- A través de correo electrónico chégase ao acordo de facer unha auto-comprobación por parte do profesorado, na plataforma DocNet, para revisar e mellorar a Guía Docente do curso 2014-15, axustando os diferentes apartados en maior medida á ficha das respectivas materias que recolle a Memoria Verificada do Título.

- Chégase a acordos para ultimar o calendario en case todas as materias (exceptuando as do profesorado externo que ten que compatibilizar os seus horarios cos do Instituto e non os coñece ata setembro) co obxecto de compatibilizar o horario no mestrado co Grao.

#### **Setembro de 2014**

Establécense diferentes accións fundamentalmente, a través de correo electrónico, para acordar os mecanismos para a:

- Realización de cambios de aulas, no caso que sexa necesario ao longo do cuadrimestre, e os espazos para a titorización presencial do profesorado externo. Tamén se acorda que calquera cambio que se produza sobre a asignación dos espazos se lle comunicará á coordinación de Campus e ao alumnado directamente na aula, a través de Faitic e na conserxería dos edificios implicados.
- Utilización das follas de sinaturas para as evidencias sobre o desenvolvemento da docencia e a realización das probas de exames oficiais.
- Recollida de rexistros sobre a asistencia do alumnado: listaxe de sinaturas ou recollida de actividades.
- Alta en Faitic enviando un correo electrónico a [faitic@uvigo.es](mailto:faitic@uvigo.es) coa indicación dos datos persoais, correo electrónico, título e código da materia, que posteriormente a Coordinadora de Campus autoriza a faitic a realizar a alta na plataforma de teledocencia.
- Realización das saídas pedagóxicas co gallo de que dispoña o alumnado das datas con algo de antelación, así coma a coordinación de Campus e na conserxería.

#### **Setembro-décembro de 2014**

Antes de comezar cada materia dos respectivos módulos, a Coordinadora de Campus contactou cos Coordinadores de Itinerario para ofrecer a información pertinente e acordar as directrices básicas para a posta a punto da docencia



das materias. Deste xeito os Coordinadores de módulos informaron/pactaron co profesorado en síntese:

- Continuar co emprego dun modelo común para plasmar o reparto das sesións entre o profesorado que comparte materia/s e a secuenciación de contido.
- Definición dun calendario coa previsión de entrega de actividades, traballos etc. para a avaliación continua, así como os medios empregados para a presentación.
- Continuar empregando algunha plataforma de teleformación, como por exemplo faitic, para facilitarlle ao alumnado os materiais didácticos, o contido da materia, a entrega dos traballos/actividades, eportfolios, etc.

### **3.2.3.3. Accións de coordinación entre os coordinadores de módulo e o profesorado**

#### **Setembro-décembro de 2014**

Acórdase co profesorado evitar a superposición de contidos entre docentes dunha mesma materia e coas respectivas materias. Para iso, os docentes chegaron a acordos e realizaron os axustes oportunos, dentro do marco da Memoria Verificada e a Guía Docente.

Acórdase a realización de pequenos reaxustes no horario entre o profesorado externo, cuxa dedicación fundamental desenvólven fóra da Universidade, unha vez que no mes de setembro reciben o seu calendario nos Institutos de Secundaria.

### **3.2.3.4. Accións de coordinación entre o profesorado que comparte materia**

#### **Xuño, setembro-décembro de 2014**

O profesorado que comparte materia/s asumiu diferentes accións de coordinación, que foron lideradas polo-a coordinador/a de materia, tanto para a revisión da Guía Docente, coma antes do comezar a docencia (para a súa posta a punto), así como ao longo do seu desenvolvemento, co obxecto de aplicar os axustes pertinentes. Principalmente, estas accións de coordinación leváronse a cabo nos meses de xuño de 2014 (para a toma de acordos sobre o deseño/revisión da programación do curso 2014-15), ao inicio dos respectivos cuadrimestres (setembro, novembro-décembro) para as cuestións de tipo didáctico-organizativo que afectan á distribución e secuenciación de contido, pero tamén de forma intermitente ante a necesidade de asumir diferentes reaxustes na dinámica do proceso de ensino e ao final do período de clase para realizar a valoración para a avaliación global do alumnado. Estas accións de coordinación leváronse a cabo a través de xuntanzas presenciais e mediante medios dixitais: plataformas de teleformación, correo electrónico, skype, etc.



### **3.2.3.5. Coordinación da coordinadora de campus e Coord. Itinerario co profesorado que participa no módulo do Prácticum (TFM e Prácticas Externas)**

O módulo do Prácticum, que engloba as materias de Prácticas Externas e o TFM, é responsabilidade de diferente profesorado. Por iso, require unha coordinación axeitada para poder funcionar de forma unísona.

#### **Decembro de 2014**

Desenvolvéronse diferentes accións de coordinación a través de medios dixitais fundamentalmente para decidir que o profesorado do mestrado presentará á coordinadora de campus, a través de correo electrónico, a súa dispoñibilidade con indicación do número máximo de TFMs que dirixiría e a preferencia polo itinerario, así como para a titorización do alumnado para as prácticas externas. Decidiuse que, a partir dos criterios consensuados e atendendo á solicitude do profesorado implicado, cada coordinador de itinerario realizase o reparto de asignación de titores-as de TFM e Prácticas Externas para facelo público e informar a todos-as os-as implicados-as (alumnado e profesorado). Así mesmo, desde a coordinación de itinerario e campus acordouse co profesorado titor o alumnado do que se responsabilizaría.

#### **Maio de 2015**

- Chegouse a acordos entre a coordinación de campus, de itinerario e o profesorado implicado na materia do TFM para a composición dos tribunais.
- Revisáronse desde a coordinación de campus e de itinerario co profesorado titor os documentos a considerar no proceso de avaliación das Prácticas Externas, no proceso de presentación, autorización e cualificación do TFM polas súa parte, e a achegas de evidencias sobre o PAT (do que é responsable o profesorado implicado nas anteriores materias).

## **IV. CONCLUSIONES**

Os membros da CGIC, sendo conscientes da relevancia que ten a sistematización das Accións de Coordinación das titulacións, de forma tenaz, continúan na busca de recursos que lle axuden a mellorar a práctica cotiá nas aulas e axilizar a xestión administrativo-burocrática esixida tamén no SGIC. O almacenamento de rexistros de tipo dixital en contornas/plataformas sinxelas e seguras para a custodia compartida da documentación das evidencias, sobre as accións de coordinación, é un reto difícil no que tanto o equipo decanal coma os membros da CGIC teñen posto empeño.

Os canles de comunicación que ofrecen as Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) son unha ferramenta moi valiosa para axilizar os procesos e acurtar as distancias nos procesos de decisión, negociación e colaboración, mais existen diferentes tipos de trabas e requirese de tempo e paciencia. Non é doado normalizar a materialización da xeración de evidencias, o seu rexistro e custodia dentro da cultura académica. Neste sentido, o profesorado está a realizar esforzos importantes, e avanza favorablemente, adaptándose a unha situación na que, en boa medida, se nos transmite a énfase da xestión burocrática á que non estaba moi acostumado o profesorado universitario e que, incluso, pode producir certo rexeitamento polo tempo que resta de dedicación ás tarefas propiamente relacionadas coa docencia e a investigación. Con todo, xa se aprecian avances de mellora na coordinación docente deste Centro.